

SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE ABRIL DE 2.014

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as doce horas e corenta minutos do día 28 de abril de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA DE 28 DE FEBREIRO DE 2014

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 28 de febreiro de 2014.

Non xurdindo debate, sométese votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NNSS PARA A DELIMITACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS DE FRANCOS, PENELAS, A BARCIELA E OUTROS

3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NNSS PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE ALVITE

4.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NNSS PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE A FRANCA

O Alcalde propón tratar de xeito conxunto os puntos 2, 3 e 4 da orde do día, en tanto traen causa dun proxecto aprobado inicialmente en outubro de 2012. Ante a anuencia dos membros da corporación, iníciase o debate cunha exposición do Alcalde da tramitación do expediente e do seu contido esencial.

Xustifica que se traia outra vez o proxecto á aprobación inicial no feito de que, como consecuencia dos informes sectoriais e do trámite de información pública, introducíronse modificacións esenciais no proxecto inicial que aconsellan abrir novamente o trámite de información pública. Asemade, explica que o motivo de que se tramiten coma tres expedientes diferentes o que inicialmente foi un único proxecto resposta, tanto ao feito de que son tres os ámbitos territoriais afectados, coma no feito de, deste xeito, desvencéllase a delimitación de uns núcleos da problemática que poida xurdir noutros núcleos como consecuencia da intervención de outras Administracións públicas con competencias sectoriais.

Dá conta do resultado das alegacións presentadas no trámite de información pública subseguinte á aprobación inicial adoptada o 26 de outubro de 2012, informando que tan so se rexeitaron dúas alegacións e se estimaron, total ou parcialmente as restantes alegacións presentadas.

A instancias do Alcalde, a arquitecta municipal da lectura en viva voz do contido do informe-proposta en relación ás alegacións presentadas:

- *“Asociación de vecinos de As Tornas, en las que se solicita la reducción del ancho previsto para el viario público proyectado en el camino privado existente en el lugar de As Tornas. Se trata de un camino existente que da acceso a distintas parcelas que en algunos caso se encuentran edificadas. Son edificaciones recientes fuera del núcleo histórico tradicional. El establecimiento de alineaciones para un ancho total viario previsto de 10 m, además de estar acorde con el resto de alineaciones establecidas para los núcleos rurales de manera genérica no supone la afección a cierres tradicionales. Además no supera las condiciones establecida hasta ahora en el planeamiento para los caminos públicos que era de 5 m desde el eje del camino y 1.5 m desde el borde exterior de la cuneta para los cierres y de 7 m desde el borde exterior del camino (en el caso de caminos rurales o de servicio) o 18 m (en el caso de carreteras municipales y provinciales). Por lo tanto se propone desestimar la alegación presentada.*
- *Eusebio Pajuelo Martínez y Asunción Castro Parga, en la que solicitan que se amplíe en núcleo de Penelas para incluir la parte este de la finca 135 del polígono 76 y las parcelas 241 y 242 del mismo polígono en base a la existencia de una pista municipal. No consta en el inventario municipal la existencia de ningún camino por lo que no ha sido reflejado en la cartografía. No obstante la existencia de un camino municipal no presupone la inclusión obligatoria del mismo dentro del núcleo. Se trata de un camino que no comunica con parcelas edificadas y que da acceso a terrenos de cultivo que no cumplen las condiciones para ser considerados núcleo rural y que deben de ser preservados de la urbanización por su carácter de soporte de cultivos agrícolas. Por lo tanto se propone desestimar la alegación presentada. No obstante, aún cuando no ha sido objeto de alegación por escrito pero si de palabra por D. Eusebio Pajuelo, se ha ampliado el fondo edificable de la parcela 135 hasta el máximo que permiten los círculos de 50 m de distancia desde las edificaciones tradicionales al borde del núcleo.*
- *D. Antonio Fernández Castro, como propietario de las parcelas 324,326,327,328,329 y 330 del polígono 61, situadas en A Barciela, ha solicitado la ampliación de la delimitación del núcleo sobre la totalidad de las mismas. Se trata de parcelas que habían sido excluidas en base a su afección por la alineación a la carretera NVI y el camino asfaltado de la Barciela hacia el cantón, que las dejaba inedificables por le escaso terreno en el que se podía materializar la edificación. No obstante, dado que todas pertenecen al mismo propietario y que este voluntariamente ha solicitado su inclusión a pesar de haber sido advertido que la clasificación dentro del núcleo conlleva un aumento del valor catastral de las parcelas, se propone estimar la alegación presentada habiendo sido ya recogida la correspondiente modificación en el proyecto que se presenta para aprobación inicial.*
- *Dña. Angeles Fernández Iglesias, propietaria de las parcelas 133,80 y 79 del polígono 75 solicita la inclusión de dichas parcelas dentro de la delimitación nuclear. Parte de la parcela 79 ya había sido incluida en la modificación. Se trata de parcelas que dan a un camino que aún cuando tiene la consideración de camino público se trata de un camino muy estrecho de tierra que conduce a una zona de terrenos de cultivo que no reúnen las condiciones para ser consideradas núcleo rural al amparo de las determinaciones de la LOUGA. Las parcelas 133 y 79 se encuentran colindado con el núcleo histórico tradicional de A Corredoria y la parcela más alejada de este límite colindando con la parcela 79. La clasificación como núcleo histórico tradicional limita*

a 50 m el borde del núcleo respecto a las edificaciones tradicionales por lo que la parcela 80 ya no podría ser incluida en este núcleo. Por otro lado el límite de consolidación que establece la LOUGA para la delimitación del núcleo histórico tradicional es del 50% por lo que necesariamente este se ha delimitar teniendo en cuenta las parcelas edificables que se pueden crear en el núcleo delimitado. Teniendo en cuenta esto se ha incluido parte de la parcela 133 teniendo en cuenta que el núcleo presentaba un fondo muy ajustado respecto al camino en esta zona. El resto de la ampliación solicitada no se ha tenido en cuenta dado que se ha alcanzado ya el número máximo de parcelas edificables sin edificación en este núcleo y en base a que el camino al que dan frente da acceso a una zona de cultivos que merece la clasificación de suelo rústico de protección ordinaria por su utilización para cultivos agrícolas. Por lo tanto se propone estimar parcialmente la alegación presentada.

- Dña. Angeles y Consuelo Iglesias Fernández solicitan la inclusión dentro de la delimitación nuclear de las parcelas 27, 29 y parte de la 230 del polígono 76. Se trata de parcelas que dan frente a camino asfaltado municipal y que limitan con la delimitación nuclear propuesta para el núcleo de Penelas. Al otro lado de dicho camino las parcelas han sido incluidas en la delimitación nuclear existiendo una edificación destinada a vivienda un poco más adelante del camino. Dado que el núcleo de Penelas supera la mínima consolidación permitida por la LOUGA, que al otro lado del camino se ha calificado como núcleo y no supone afección sobre el suelo rústico se propone el estimar dicha alegación, habiendo ya sido incluido en el documento que se presenta para aprobación la delimitación incluyendo dichas parcelas.
- D. Jesús Méndez Vila presenta alegación solicitando la inclusión de la parcela 252 del polígono 72 situada en el borde delimitado del núcleo de Francos. En esta zona la delimitación se había realizado en base a la cartografía catastral según la cual la parcela citada no daba frente al camino público delimitado como tal. D. Jesús Méndez alega que se encuentra erróneamente reflejada en la cartografía catastral la forma, dimensiones y acceso a la parcela aportando documentación justificativa de la misma y justificante de haber entregado en catastro la correspondiente solicitud de regularización catastral. Dado que las parcelas a ambos lados de la parcela en cuestión están clasificadas como núcleo rural y dado que la exclusión de la parcela como tal se ha debido a un error cartográfico se propone el estimar dicha alegación habiendo ya sido incluido en el documento que se presenta para aprobación la delimitación incluyendo dicha parcela”.

Tras afondar o Alcalde na explicación deste informe, toma a palabra o voceiro do PSdG-PSOE, quen afirma que o seu grupo sempre estará a favor de que se clasifique como solo de núcleo rural a meirande superficie posible xa que favorece o valor do solo, pero que á vista de esta modificación recae unicamente sobor a parroquia de Robra, pregunta ao Alcalde se as outras parroquias quedan igual, mellor ou peor que Robra.

Tamén afirma que o Concello debería pelexar por clasificar como solo de núcleo rural a meirande superficie posible, non obstante este non parece ser o criterio seguido polo concello, o que se pon de manifesto na resposta á alegación de Antonio Fernández Castro, na que se clasifica trala petición polo titular do solo da clasificación, cando de seguirse este criterio polo concello a clasificación debería facerse de oficio.

Por último, afirma que a planificación do Concello debería ser xeral, e non puntual, e recorda que levamos 24 anos sen planeamento e esta situación non é a mellor para o concello.

O voceiro do BNG considera que con esta modificación puntual se discrimina claramente ao resto do concello, xa que tal so afecta á parroquia de Robra e se fai para

arranxar un problema puntual, e considera que a solución pasaría por un planeamento xeral do termo municipal do concello.

Pregunta se, co gallo de facilitar o estudo destes asuntos, nas vindeiras sesións sería posible que facilitasen a documentación en soporte informático, xa que facilitaría compatibilizar o exercicio das función de concelleiro coas obrigas laborais de cada quen.

O Alcalde afirma que o criterio seguido na formulación destas propostas foi clasificar a meirande superficie posible como solo de núcleo rural coas limitacións lóxicas que establece a lei. Facer o contrario é enganar aos veciños, xa que a Xunta de Galicia non aprobaría definitivamente a modificación polo que se perdería tempo e se frustrarían as expectativas creadas dende o concello.

Afirma que non sabe se Robra queda ou non mellor que as outras parroquias, para responder a esta pregunta habería que preguntar aos veciños. O que si sabe é que todas as parroquias teñen unha cantidade de solo clasificado como solo de núcleo rural moi grande. Moi superior ao que permitiría unha nova delimitación con arranxo á lexislación vixente.

Rectifica ao voceiro do PSOE informando de que en Outeiro de Rei si que hai planeamento xeral, e este planeamento permitiu que todos estes anos o concello crecese por riba dos restantes municipios do entorno. E así, mentres foi noticia na prensa que o concello de Lugo outorgou unha licenza de edificación despois de anos sen dar ningunha, o concello de Outeiro de Rei seguiu a dar licencias ao longo destes anos de crise.

A proposta de facer un novo plan xeral carece de sentido, xa que acarrearía un recorte brutal da superficie actualmente clasificada coma solo de núcleo rural, e recorda que a razón de ser destas modificacións puntuais é unha modificación da normativa segundo a cal o núcleo de Robra non pode seguir sendo considerado coma tal, polo que quedaría coa clasificación de solo rústico e non se poderían dar máis licencias de edificación. Pero os restantes núcleos das restantes parroquias non teñen este problema, polo que non ten razón de ser a súa modificación.

O voceiro do BNG comparte a conveniencia de que se clasifique a meirande superficie posible como solo de núcleo rural, pero de xeito coherente e xustificando, e non a través de modificacións puntuais dunhas normas subsidiarias totalmente pasadas de tempo e que se fixeron coma se fixeron; para beneficiar a uns poucos. Pon coma exemplo un núcleo que se delimitou existindo soamente unha casa, e no que agora hai unha urbanización (Mosteiro).

Critica que neste concello o planeamento se fai á vontade do Alcalde e os veciños non contan para nada. Non se lles dá participación nin aos veciños nin á oposición. Esta é a política dos feitos consumados.

Asegura que todos estamos a favor do crecemento de Outeiro de Rei, pero o crecemento ao que alude o Alcalde é o crecemento da Palloza ou de Triaqua, e ese non é un modelo desexable de crecemento.

O voceiro do PSOE non entende que o Alcalde asegure que coa nova delimitación en Robra non se perde superficie edificable namentres afirme que si se fai unha nova delimitación noutras parroquias perderase moita superficie de núcleo rural. E recorda que noutras parroquias existen moitos lugares susceptibles de delimitarse como

solo de núcleo rural e que agora están clasificados como solo rústico. E facer un novo plan xeral permitiría a súa clasificación.

Pregunta a qué crecemento se refire o Alcalde, xa que o núcleo de Outeiro de Rei está igual que estaba fai trinta anos. Asegura que esta situación de parálise se arranxaría cun novo plan xeral. Pero que algunhas parroquias de Outeiro de Rei próximas a Lugo se converteran en barrios dormitorio de Lugo non significa que houbera crecemento. Hai outros xeitos de medrar.

O Alcalde recorda que o tema do Plan Xeral debateuse neste Pleno máis dunha ducia de veces nos últimos anos e os veciños xa expresaron o seu parecer elección tras elección. E afirma que o Partido Popular non vai a tomar iniciativa algunha que non sexa acorde co interese xeral ou perxudique os veciños.

Resposta a Arcadio que o planeamento sempre beneficia a alguén, xa que a clasificación do solo trae inevitablemente esa consecuencia. Agora ben, as normas vixentes fixéronse de acordo con todo o mundo, con poucas alegacións e as presentadas se estimaron case todas.

Tamén respóstalle que tan amplo como o núcleo de Mosteiro (ao que aludiu o voceiro do BNG na súa intervención anterior) é o de Robra ou o de Bonxe, e non existe sospeita algunha de que se pretendese beneficiar ilícitamente a ninguén.

O crecemento desigual entre as diferentes parroquias non se explica na clasificación do solo, xa que todas as parroquias teñen un ou varios núcleos moi amplos delimitados e todas teñen tódolos servicios municipais. Non obstante, nunhas construíuse moito e noutras bastante menos, pero isto é un tema de iniciativa ou de interese privado que nos respetamos.

E polo que respecta á participación pública, o mesmo feito de que voltemos a presentar este proxecto ante os grupos da oposición neste Pleno e se volte a someter a información pública pese a non ser necesario dende un punto de vista xurídico basta para desmentir ao voceiro do BNG. Agora ben, advírtelle que non se pode confundir participación pública con que cada quen faga o que queira e ao marxe da legalidade.

Afirman os grupos da oposición que non queren este tipo de crecemento, pero o certo é que o PSOE máis o BNG non queren ningún tipo de crecemento, e o demostran sobradamente alí onde gobernan.

E nos non somos unha cidade dormitorio, somos un pobo que medramos para xerar oportunidades e postos de traballo, e a xente que ven aquí non ven a durmir, ven a vivir. Por iso este concello medra mentres os demais baixan.

Apela á responsabilidade dos membros da oposición e pídelle que se deixen aconsellar polo interese xeral e non por tentar buscar enfrontamentos entre parroquias.

Rematado o debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

Primeiro: Aprobar a proposta transcrita de estimación/desestimación das alegacións presentadas polos interesados no trámite de información pública subseguinte do acordo de aprobación inicial adoptado en outubro de 2012.

Segundo: Aprobar inicialmente o proxecto de modificación puntual das NNSS de planeamento denominado “Proxecto de delimitación de los núcleos de Penelas, Francos, Corredoira, Leiros Largos y A Barciela”.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e tres abstencións.

A continuación, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Primeiro: Aprobar inicialmente o proxecto de modificación puntual das NNSS de planeamento denominado “Proxecto de delimitación do núcleo de A Franca”

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e tres abstencións.

Por último, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Primeiro: Aprobar inicialmente o proxecto de modificación puntual das NNSS de planeamento denominado “Proxecto de delimitación do núcleo de Alvite”

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e tres abstencións.

5.- MOCIÓN DO BNG CO NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 1364 SOBOR A GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do BNG, da moción con rexistro de entrada 1364 e do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro de BNG n Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN GRATUIDADE LIBROS DE TEXTO

EXPOSICION DE MOTIVOS

O vindeiro curso de 2014/2015, a LOMCE entrará en vigor en 1º, 3º e 5º de Primaria e 1º de Formación Profesional Básica, o que obrigará o estudantado destes niveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanzas mínimas. Isto, unido ao recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder aos manuais necesarios para seguir as clases con normalidade.

A CONFEDERACION ANPAS GALEGAS defende que non é un problema de prioridades das familias, como afirma o ministro de Educación cando se cuestionan os recortes nas axudas sociais á educación. É un problema de dereitos e, por tanto, é o titular de Educación quen debe ter como prioridade garantir ese dereito.

Como denuncia un recente informe do defensor del Pueblo (“o Defensor del Pueblo entende que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos e todas a estes estudos, e considera por iso que dito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan posíbel o acceso do alumnado aos mesmos sen ningún custo”) o curso pasado xa se produciu unha diminución moi significativa de rectores das axudas para a compra de libros de texto, que pasaron de tres a dous millóns de alumnos e alumnas, Así mesmo, houbo unha redución das contías, tanto das achegas do Estado español como na Galiza, cuxa suma posou de 250 millóns a 166, un 35% menos que o ano anterior. Precisamente

iso acontece cando máis urxente era que esas cantidades se incrementasen, dadas as necesidades das familias pola crise económica.

O dereito fundamental á educación esixe que se dean conxuntamente determinadas condicións –boa parte das cales están implícita ou explicitamente fixadas polo texto constitucional-, cuxa garantía de cumprimento corresponde aos poderes públicos. Ademais, para que todo isto sirva á súa finalidade, hai que situar o alumnado nunha posición real de igualdade no acceso e mantemento do seu dereito á educación.

Entendemos que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e considera por iso que o devandito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan posible o acceso de alumnos e alumnas a estes sen ningún custo.

Esta opinión foi avalada e compartida polo Consello Escolar do Estado, que no seu informe do curso 1998-1999 di: “A Constitución española é taxativa. A Educación básica é obrigatoria e gratuíta. Os libros de texto ou material didáctico que for preciso para impartir a educación básica e, por tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación, terá que ser gratuíto”

ACORDO

Por tanto pedimos a este Concello que esixa a Xunta de Galiza:

1. A volta ao sistema de préstamo universal.
2. Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.
3. Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.
4. Que non se camben os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE.”

Rematada a defensa da moción fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen expresa estar de acordo coa moción, xa que a educación é un pilar fundamental que garante o principio de igualdade e con esta moción non se esixe máis que o cumprimento da constitución, que di que a educación é obrigatoria e gratuíta. E a educación non é soamente acudir a clase, senón tamén dispor dos medios materiais necesarios para acceder á educación.

Por outra banda, os libros de texto non supoñen máis dun tercio do custe familiar de escolaridade, polo que tampouco é que se solicite algo desproporcionado á Xunta de Galicia.

Asemade, considera importante que se permita ou favoreza a reutilización dos libros de texto, xa que o seu continuo cambio impide a súa reutilización e encarece innecesariamente a educación.

O voceiro do grupo municipal do PP considera que, si entra en vigor unha nova lei cun novo modelo educativo é lóxico que se modifiquen os libros de texto. E boa falta fará, xa que co modelo educativo seguido ate o momento e que foi aprobado polos socialistas, os resultados acadados son moi preocupantes, e o informe PISA o pon de manifesto ano tras ano.

Por iso, afirma estar a favor de axudar aos pais, pero non de non modificar os libros de texto, xa que o sistema educativo levado ate o momento é moi mellorable e ten unha moi importante carga ideolóxica.

Insiste en que a educación é gratuíta, pero non pode pretenderse un todo gratis sen terminar por quebrar o Estado como fixo o goberno socialista, e ademais non considera xusto que así sexa, xa que o que deberá facerse é axudar aos pais que o necesiten, pero non regalarlle os libros de texto a quen ten unha gran capacidade adquisitiva.

O voceiro do BNG desminte que o nivel educativo dos xoves do noso país sexa baixo, e asegura que noutros países do noso entorno recoñécense as súas competencias.

Engade que a educación non é solo asistir a clase, senón proveerse dos medios materiais necesarios nos que se sustentan ditas clases, coma os libros de texto. Polo tanto, a gratuidade constitucional da educación debe abranguer, a lo menos, os libros de texto.

E se existe a necesidade de conter o gasto débense establecer prioridades, pero o que non pode recortarse en materia de educación ou sanidade. Haberá que buscar outros eidos onde recortar, coma defensa, pero nunca nun servicio coma a educación que é a base da igualdade e da competitividade.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, asegura que a necesidade constitucional de estender a gratuidade aos libros de texto e material didáctico non é unha ocorrencia deste concelleiro, senón que o afirma o Valedor do Pobo.

Ao igual que o voceiro do BNG, sostén que a calidade da educación española non é tan malo cando temos numerosos españois de renome na comunidade científica internacional.

O voceiro do grupo municipal do PP sorpréndese de que se acorden agora da gratuidade dos libros de texto cando nin o PSOE nin o BNG estableceron dita gratuidade cando gobernaron, a pesares de que a constitución era a mesma e a situación económica era moito mellor ata que a afundiron.

A calidade do servicio de educación non se mide porque existan casos puntuais de xente destacada no campo da investigación, senón tras unha avaliación xeneralizada das competencias acadadas polos usuario do servicio.

É un erro pensar que canto máis se gasta mellor será a educación. O realmente importante é como se gasta. Establecer un servicio eficiente e sostible economicamente é o único xeito de garantir unha educación de calidade. E non se garante a educación nin a sanidade derrochando os cartos públicos e afundindo a economía, xa que se chegará un momento en que non se poderán pagar os servicios, tal e como estivemos a pique de vivir neste país tralo goberno do PSOE apoiado polo BNG.

En relación á proposta do BNG de recortar en defensa, asegura que todo é discutible, pero non sabe cómo se tomarían en Ferrol, por exemplo, que non se puidese atribuir carga de traballo a Navantia.

E insiste en que non é xusto o que propón nesta moción o BNG e máis o PSOE: que un cidadán cun salario pequeno teña que pagar esforzadamente os seus impostos, para que os libros de texto lle saian gratis a un gran empresario ou un home cun gran capital. E iso é o que pretende a esquerda con esta moción de gratuidade indiscriminada.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor da súa aprobación, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG, e con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Antes de iniciar o tratamento das preguntas presentadas, o voceiro do BNG expón que presentou unha moción e que solicita que se trate de urxencia.

O Alcalde resposta que, nin é unha moción nin se presentou en tempo, senón trala convocatoria.

A continuación, e a instancias do Alcalde, o Secretario dá lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo voceiro do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 26 de abril de 2014 e do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do Grupo MUNICIPAL SOCIALISTA, óa amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno:

1.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde, a canto ascendeu o custe total para realizar a modificación puntual das Normas Subsidiarias de planeamento Municipal de Outeiro de Rei, na delimitación dos núcleos rurais de Francos, Penelas, A Barciela, A Corredoira, Leiros Largos, Alvite e A Franca? ¿Que traballos se tiveron que realizar e que custe tiveron?.

2.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde, a canto ascendeu de momento o custe total para realizar o Proxecto de delimitación en polígonos do solo urbano non Consolidado de Outeiro de Rei?

3.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde, en que situación quedan as edificacións afectadas pola franxa de 28,5 metros dende o eixo da Nacional VI, no caso d que se desenrole o polígono do Solo urbano non consolidado por onde pasa dita franxa?

4.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde, que tipo de actuacións e licencias poderían darse no Solo Urbano non Consolidado, no caso de non desenrolar os polígonos?.

5.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde, si Outeiro de Rei ten Solo coas características de Solo Urbano Consolidado, e quen non está catalogado como tal? ¿Podería explicar o motivo de porqué se proxectou existan tan pouco Solo Urbano Consolidado?.”

O Alcalde resposta o seguinte:

O concello perfeccionou dous contratos de servizos para a formulación das propostas de modificación das NNSS, xa que conlevan un traballo de campo importante e minucioso. Estas asistencia técnicas implicaron un custe total de 26.000 euros máis iva.

Para a delimitación dos polígonos do núcleo de Outeiro de Rei concertouse gasto de 10.000 euros máis iva, aproximadamente.

No que atinxe á terceira pregunta, o Alcalde explica que a delimitación en polígonos non modifica para nada o réxime xurídico actual do solo nin das edificacións. As edificacións non quedan nin mellor, nin peor que antes, xa que é nas NNSS onde se determina ónde e cómo se pode edificar, e este proxecto non modifica as NNSS.

O único que fai a delimitación en polígonos é facilitar o cumprimento do deber de urbanizar, xa que a lexislación vixente non permite edificar se non se urbaniza antes e, tal e como está o solo urbano non consolidado nas NNSS actuais, teríase que urbanizar todo o núcleo para dar unha licenza de edificación. Co proxecto de delimitación do solo urbano non consolidado se permite que, en vez de urbanizar todo o núcleo, se urbanice unicamente un polígono determinado, aquel no que a meirande parte dos propietarios teñan interese en edificar.

Engade que agora se adoptou a aprobación inicial e se ampliou o prazo de información pública en seis meses máis para que os veciños poidan asesorarse e presentar as alegacións que estimen convintes.

Asemade, a delimitación aporta seguridade xurídica aos propietarios, que así saberán qué é que teñen, se é solo urbano consolidado ou non consolidado e con quen teñen que poñerse de acordo para urbanizar.

Quere que quede claro que, mentres non se urbanice non se poden outorgar licencias en solo urbano non consolidado. E a urbanización ten que abranger todo o núcleo se non se aproba a delimitación, ou tan só do polígono onde se pretende construír, de aprobarse a delimitación.

En resposta a última pregunta afirma que é solo urbano consolidado o que dispón de todos os servizos de conformidade co planeamento e se ubica na malla urbana, e recalca que é un tema absolutamente regrado, de contido técnico, no que os políticos non teñen nada que dicir.

Afirma que o Concello non vai obrigar a ninguén a urbanizar. Urbanizárase cando así o acorden a meirande parte dos propietarios do polígono.

A continuación, e a instancias do Alcalde, o Secretario dá lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo voceiro do BNG, con data de rexistro de entrada de 28 de abril de 2014 e do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, como portavoz de Grupo Municipal do BNG, no Concello de Outeiro de Rei ,ao abeiro da lexislación vixente, presenta as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

Segundo a sentenza nº 116/2013 do Contencioso administrativo nº 2 de Lugo na cal di.

“Recoñecer o dereito do recorrente, a que o acto polo que se aproba o proxecto de reparcelación Ra-49, do Concello de Outeiro de Rei, recoñeza a súa titularidade sobre a parcela 8808 (actual 10920), e ao mesmo tempo condeno ao Concello de Outeiro de Rei, a adopción das medidas que sexan necesarias, para o restablecemento da situación subxectiva recoñecida”

En base a esta sentenza, o Concello de Outeiro de Rei, interpón un recurso que e desestimado, con data 24 de Abril de 2014.

PREGUNTAS:

1.- Tras a desestimación do recurso, que medidas vai tomar o Concello, para tratar de que ditos viais pasen a ser de titularidade pública?

2.-En que medida pode afectar aos propietarios das vivendas, que os viais da urbanización pertencen a una empresa privada?

3.- Quén soportaría o importe económico, no caso de que houbera que indemnizar a empresa de es parcela?”.

O Alcalde resposta á primeira pregunta recordando o proceso de xestión e as incidencias da urbanización, e informando que o Concello ten posta unha demanda en vía civil na que se reclama a titularidade do vial, que figura como tal no rexistro da propiedade dende o primeiro momento.

En resposta á segunda pregunta, asegura que non afecta para nada aos propietarios, xa que a finca 8808 figura, tanto no planeamento coma no rexistro da propiedade como viales e zonas verdes ao servizo do ámbito, polo que a empresa nunca podería pechalos ou impedir o libre acceso. E o concello fará todo o posible para que esto sexa así.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo ás catorce horas e trinta minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e prace do Alcalde.

O Secretario

Vº.Pª, O Alcalde